

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 23 DE MAIO DE 2017.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 23 de maio de dous mil dezasete; as nove horas e trinta e tres minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza, Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste don Ricardo González Amaro por motivos laborais.

Está presente o Secretario, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Sr. Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaseis de maio do dous mil dezasete (ordinaria) coa seguinte rectificación de erros ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas no punto de aprobación de bases de selección de peón forestal e aprobación de bases de selección de capataz forestal non figuran transcritas as datas que son: bases de selección asinadas polo alcalde de data 15 de maio, informe de intervención de data 16 de maio e informe de secretaría de data 12 de maio de 2016.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitude de información urbanística interesada por **Don José Antonio Vázquez Olleros**, con domicilio en Estrada N-120, nº19 A Quinza, con número de expediente **RIB/C/34/17** sobre a parcela con referencia catastral 32070A014001940000YD. A proposta do Sr. Alcalde e visto o correspondente informe técnico de data 19.05.2017

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, relati a solicitude de **Don José Antonio Vázquez Olleros**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.



.-Escrito de don Amando Martínez Deaño en representación de AOPIL SL, número de rexistro de entrada 2251 de 22 de maio de 2017, solicitando ampliación do prazo de execución do contrato de obra de “ Mellora pavimentación de beirarrúas en Muñoz Calero”.

Vista a Xurisprudencia do Tribunal Supremo , sentenzas de 14 de decembro de 2001, Ar RJ 2002/1433 e 14 de xuño de 2002 Ar RJ 2002/8053 “ a mera constatación do vencemento do prazo contractual sen que o contratista teña cumprido satisfactoriamente as súas obrigas non determina, por si mesma e indefectiblemente, a resolución do contrato , pois habería que ponderar , en relación coas circunstancias do caso, se o incumprimento é de tanta trascendencia que determina a resolución “

Visto o artigo 213.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público: Se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e éste ofrecera cumprir os seus compromisos dandolle prórroga do tempo que se tivera sinalado, se concederá pola Administración , un prazo que será, alomenos, igual ao tempo perdido a non ser que o contratista pida outro menor.

A Xunta de goberno local ,por unanimidade acorda conceder a AOPIL SL unha ampliación do prazo de execución do contrato de obra de “ Mellora de pavimentación de beirarrúas en Muñoz Calero” ata o 22 de xuño de 2017.

.-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez solicitando acta de replanteo da obra de “ proxecto básico e de execución de mellora de pavimentación de beirarrúas en Muñoz Calero”, faise constar que se produxo unha comprobación tácita do replanteo tal e como admite , con carácter excepcional, o Ditame do Consello de Estado número 4337/1996 de 13 de maio de 1996. Asemade se indica que a obra conta cun director de obra que aportara no momento procedente e, con carácter previo, ao pago polo concello a certificación de fin de obra.

.-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez solicitando:

- colocación de banco público na rúa Travesía de Santiago.
- pintado de mellora e conservación de bancos existentes na praza Buxán.
- Melloras na accesibilidade na beirarrúa situada fronte ao Centro de saúde: 1º rebaixar a altura para que poidan circular carros e cadeiras de rodas, nos pasos de peóns que cruzan as entradas de vehículos do IES Ribeiro. 2º retirada da baranda metálica que divide a beirarrúa coas prazas de aparcadoiro situadas no vial, e que impiden baixar os coches aparcados cara a beirarrúa , supoñendo isto un perigo para o vial.

A Xunta de goberno acorda comunicarlle que se están realizando as actuacións.

.-Escrito de don Fidel Rodríguez González no que expón que exercendo unha actividade na Praza Maior 12 necesita espacio libre para que pasen os clientes do establecemento que exerce a actividade e retirada de mobiliario despois do peche da actividade. A xunta de goberno local acorda solicitar un informe ao respecto á Policía Local.

.-Con data de 4 de maio de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou: Escrito de dona Leonor Robla Gómez denunciando vertidos de augas residuais no xardín sito na rúa Progreso 40 de Ribadavia, provenientes dos desagües dos edificios sites en Progreso 32 e seguintes, e adxuntando acta notarial. A xunta de goberno acorda solicitar un informe á empresa concesionaria do servizo municipal de augas Aqualia. Presentado o informe requerido pola empresa Aqualia acórdase remitir o mesmo a dona Leonor Robla Gómez

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

.-Escrito do Xulgado Contencioso Administrativo nº2 de Ourense .procedemento abreviado 95/2017-C , notificando a interposición de recurso contencioso-administrativo por Mapfre España Cía de Seguros relativo a reclamación de responsabilidad patrimonial por danos en vehículo por irrupción de animal no vial.

A xunta de goberno local toma coñecemento do referido escrito e acorda a remisión do referido expediente debidamente foliado e autenticado o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense.

NOMEAMENTO DE AVOGADO .-

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Mapfre España Cía de Seguros , ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, procedemento núm.000095/2017-C contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por irrupción de animal no vial, acorda:

1. O personamieto no recurso contencioso-administrativo presentado por Mapfre España Cía de Seguros , núm000095/2017-C.
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado don Angel Pazos Huete.
3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

- Escrito do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense , procedemento abreviado 69/2017, demandante Pazo de Esposende SL, demandado concello de Ribadavia, acordando medida cautelar de suspensión do acto obxecto de impugnación.

-Escrito da Deputación Provincial aprobando subvención a favor do concello de Ribadavia por importe de 35.000 euros para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia correspondente ao ano 2017.

-Escrito da Deputación Provincial concedendo á Asociación Amigos de la Lira (banda de música) unha subvención por importe de 637,50 euros por actuación no Auditorio do Castelo de Ribadavia.

-Escrito da Deputación Provincial concedendo á Asociación Amigos de la Lira (banda de música) unha subvención por importe de 637,50 euros por actuación no Auditorio do Castelo de Ribadavia.

- Escrito da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrito á Xunta de Galicia denunciando vehículo abandonado marca Grúa 520B con placas OR25821E, sito en Ribadavia, paraxe CP Santo Andre Camporredondo, polígono 501, parcela 342.

Denunciado O Seixo SC con domicilio fiscal en Lugar Santo Andre Camporredondo. Se indica que o vehículo se atopa con evidentes síntomas de abandono e danos na súa carrocería así como en diversas partes do mesmo, ITV caducada e sen seguro vixente.

A xunta de goberno local acorda conceder un prazo de dez días dende a recepción da notificación da presente para proceder á retirada da grúa depositada en Lugar Santo André Campo Redondo a O Seixo SC, coa expresa advertencia de incoación de expediente sancionador caso contrario.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRODUCTOS QUÍMICOS, MATERIAIS E OUTROS SERVIZOS PARA O TRATAMENTO E MANTEMENTO DA PISCINA MUNICIPAL A VERONZA.

Considerando que con data de 4 de maio de 2017 A xunta de goberno local do concello de Ribadavia aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares da contratación do subministro de produtos químicos, materiais e outros servizos para o tratamento e mantemento da piscina municipal A Veronza..

Considerando que con rexistro de saída de 4 de maio de 2017 formulouse invitación ás catro empresas capacitadas para a realización do contrato acordadas na xunta de goberno local.

Considerando que no prazo indicado na invitación presentouse oferta por Industria Química Rio Blanco SL e Lincold Ibérica SL.

Visto o informe técnico do Director do Servizo Municipal de Deportes de data 19 de maio de 2017 formulando proposta de adxudicación a favor de LINCOLD IBÉRICA SL, dado que” a oferta presentada por Rio Blanco SL non se asusta ao recollido no prego de prescricións técnicas ao non achegar oferta do libro rexistro / plan de autocontrol e da analítica dos vasos” . O citado informe incorpórase como motivación ao presente acordo e copia do mesma daráselle traslado aos licitadores.

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local acorda:

Adxudicar o contrato do subministro de produtos químicos, materiais e outros servizos para o tratamento e mantemento da piscina municipal A Veronza a Lincold Ibérica SL.
Habilitar ao alcalde para a suscrición de toda a documentación precisa para a execución deste acordo e formalización do contrato.
Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria e ao licitador que non resultou adxudicatario.

CONTRATACIÓN DE XESTIÓN DE ACTIVIDADES FISICO-DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBADAVIA

Vista a proposta de Prescricións técnicas particulares para o contrato administrativo de xestión de actividades fisico-deportivas do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ribadavia..



No expediente constan:

- Prego de prescripci3ns t3cnicas particulares.
- Prego de cl3usulas administrativas particulares.
- Informe de intervenci3n de data 23 de maio de 2017.
- Informe de secretar3a de data 23 de maio de 2017.

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda:

1-Aprobar un gasto por importe de 25000 euros, IVE engadido con cargo ao orzamento vixente para a primeira anualidade. Nas seguintes anualidades a contrataci3n queda sometida 3 existencia de cr3dito aca3do e suficiente no orzamento do concello de Ribadavia.

2-Aprobar o prego de cl3usulas administrativas particulares e de prescripci3ns t3cnicas para a contrataci3n

3- Invitar, alomenos, a tres empresas co obxecto de que presenten propostas econ3micas para a execuci3n de dito servizo.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se producen.

E sendo as nove horas e cincoenta e cinco minutos da ma3a, o Sr. Alcalde, ergueu a sesi3n, estend3ndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO